



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2017

Visto que é necesario recoñecer as obrigas de gastos que non corresponden á presente anualidade para non incrementar así o período medio de pago a provedores e seguidamente poder determinar aquelas facturas que necesariamente deben ser incluídas no POS+ 2017 no concepto "pago a provedores", e tendo en conta que o prazo máximo solicitar este plan provincial remata o 24 de febreiro de 2017 ás 14:00 horas.

Considerando o previsto no artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF),

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria e urxente do **PLENO da Corporación** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **9 de febreiro de 2017 (xoves) ás 10:15 horas** coa seguinte orde do día:

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para o día 9 de febreiro do 2017, ás 10:15 horas.

2.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2017.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)